

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Organismo: Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no-Diario Oficial de Galicia-)	

SUMARIO

Extracto da ORDE do 24 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas especializadas en produción vexetal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014_2020, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR419A)

BDNS (Identif.):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán acollerse a estas axudas as persoas titulares de explotacións agrícolas inscritas no REAGA con orientación técnica económica principal en:

1. Horticultura ao aire libre
2. Horticultura en invernadoiro
3. Horticultura e cultivos diversos
4. Cultivos leñosos
5. Sementes e plántula de hortalizas
6. Pataca



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Segundo. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas especializadas en produción vexetal (procedemento MR419A), no marco do PDR de Galicia 2014-2020 dentro da Medida 4. Investimentos en activos físicos, Submedida 4.1 Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, contribuíndo directamente ás áreas focais 2A (mellorar os resultados económicos de todas as explotacións e facilitar a reestruturación e modernización das mesmas, en particular con obxecto de incrementar a súa participación e orientación cara ao mercado, así como a diversificación agrícola); e 5D (reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e de amoníaco de procedentes da agricultura), e convocalas para o exercicio orzamentario 2023.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 24 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas especializadas en produción vexetal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR419A).

Cuarto. *Prazo de solicitude de axuda*

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2023

José González Vázquez

Conselleiro do Medio Rural

INSÍRASE EN DOG

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

